

URXEN PLANOS DE RECUPERACIÓN DALGUNHAS ESPECIES AS AVES NIDIFICANTES AMEAZADAS DA GALIZA


Xabier Vázquez Pumariño

AS AVES SON CHAMATIVAS E O SEU ESTUDIO E OBSERVACIÓN É RELATIVAMENTE FÁCIL. SON UNHA MAGNÍFICA PORTA DE ENTRADA Á NATUREZA, O QUE EQUIVALE A DICIR, EN CERTO MODO, QUE SON UNS EXCELENTES INDICADORES AMBIENTAIS: PERMÍTENNOS DETECTAR CAMBIOS AMBIENTAIS E AVALIALOS DE XEITO SINXELO, RÁPIDO E EFICAZ. EXISTEN MILES DE EXEMPLOS Ó RESPECTO, UN MOI COÑECIDO É A SENSIBILIDADE DOS FALCÓNS PELEGRÍNS (*FALCO PEREGRINUS*) A DETERMINADOS PESTICIDAS. DE AÍ QUE O COÑECIMENTO DO ESTADO DAS POBOACIÓNS DAS AVES TEÑA UNHA TRASCENDENCIA QUE SUPERA CON MOITO O MERO INTERESE POR PRESERVAR UNHA SERIE DE ESPECIES. MOITAS ESPECIES DE AVES NIDIFICANTES NA NOSA TERRA ÁCHANSE NUNHA SITUACIÓN DELICADA E ALGUNHAS MESMO PODERÍAN EXTINGUIRSE A CURTO PRAZO.

Comparativamente con outras áreas da Península Ibérica, Galiza non é un territorio que destaque pola súa riqueza en aves por diversas razóns bioxeográficas e históricas. A medida que nos afastamos das áreas máis centrais dos continentes, a riqueza de especies vai diminuindo, e se Europa non é máis que un pequeno apéndice do continente euroasiático, Galiza ocupa unha posición extrema, ademais de ser bioxeograficamente o extremo de dous reinos diferentes: o euroasiático e o mediterráneo, cada un con características e especies peculiares. Esta posición extrema fai que ata aquí 'cheguen' unha cantidade de especies netamente inferior á que chega a territorios que están á mesma latitude. A modo de exemplo, son varias as especies de aves tipicamente euroasiáticas que en Galiza só chegan ó seu extremo máis oriental, nos Ancares lucenses.

Por outra banda, xeoloxicamente, o galego non é un territorio especialmente diverso: practicamente todo o país son materiais moi vellos, cun relevo moi suave carente de grandes desniveis así como dunha grande diversidade estrutural, o que non proporciona unha especial variedade de ambientes. Finalmente, a particular configuración física do territorio galego fai que sexa moi accesible, o que xunto co feito de que os recursos (auga, terras de cultivo...) atópanse moi espallados por toda a xeografía, condiciona unha ocupación do espacio por parte do home moi elevada e isto é incompatible obviamente con moitas especies faunísticas.

É importante recalcar que moitas das especies de aves ameazadas, en Galiza teñen xa de por si unha distribución natu-



A pílara papuda (*Charadrius alexandrinus*) aniña aínda nalgunhas praias e dunas. A presión turística é a súa principal ameaza.

ral moi restrinxida; ben xeograficamente atópanse nos bordos, ben os hábitats por elas requeridas son moi raros.

Son estas razóns, entre outras, as que condicionan a existencia dun catálogo de aves nidificantes máis ben restrinxido; outra cuestión son as aves invernantes e as migratorias, das que Galiza, especialmente en canto a mariñas e acuáticas en xeral, aínda disfruta dun bon número delas que, procedentes do norte e centro de Europa, recalcan nas zonas húmidas.

O COÑECIMENTO DAS AVES AMEAZADAS

Resulta complicado determinar con precisión qué especies están ameazadas en Galiza: a pesar de estarmos nun país occidental con importantes recursos económicos e humanos, termos un territorio pequeno e unha natureza non especialmente exuberante, o nivel de coñecemento que temos de especies tan conspicuas é bochor-

noso: a penas coñecemos a distribución de todas as especies e a súa abundancia como para darnos un catálogo definitivo. Valentemente, xa no ano 1989, confeccionose o primeiro deles polos asistentes ó 1º Congreso Galego de Ornitoloxía (1). Trece anos máis tarde, e xa agrupados na Sociedade Ornitolóxica Galega, perséguese o mesmo obxectivo: ter un bo documento de referencia (2). Á vista dos feitos, afirmar que Galiza aproxímase, en cuestións de coñecemento e conservación da natureza, a calquera país do chamado Terceiro Mundo, non parece moi aventurado.

Como achegamento ás aves ameazadas, cómpre facer un agrupamento heteroxéneo por hábitats para entendermos as causas e o significado do seu declive.

AVES FORESTAIS

Mentres a superficie arborada medra rapidamente, as especies propiamente

forestais minimamente esixentes desaparecen: non é o mesmo ter un cultivo forestal de eucalipto ou piñeiro que un bosque; un bosque é un ecosistema complexo e en equilibrio dinámico co medio, non unha colección de árbores, xeralmente exóticas, da mesma clase de idade, plantadas regularmente. Que a sociedade e, especialmente, políticos e enxeñeiros, aclarasen os seus conceptos sería positivo para a vida natural en xeral. Pero inda hai máis: a calidade ambiental dos bosques existentes diminúe progresivamente, cada día están máis fragmentados e illados e a súa diversidade estrutural é menor, as árbores máis grandes desaparecen, a penas hai troncos mortos no sotobosque, fundamentais para o refuxio da fauna invertebrada da que se alimentan moitas especies...

A que podemos considerar a especie máis ameazada, senón xa extinta, a pita do monte (*Tetrao urogallus*), restrinxida ós mellores bosques de Ancares, é unha pantasma; neste caso, a deterioración intencionada do límite entre bosque e mato, a apertura de pistas forestais, as molestias por parte de cazadores e excursionistas e, posiblemente, o cambio climático, fan desta especie unha lembranza.

Ó igual cá pita do monte, outras especies como a arcea (*Scolopax rusticola*), o papamoscas cincento (*Muscicapa striata*) e o rabirubio de testa branca (*Phoenicurus phoenicurus*) poden desaparecer en breve espacio de tempo, entre

outras causas, por falla de bosques e de ocos nas árbores nos que aniñar.

Algunhas especies precisan dun bon mosaico de bosque e áreas abertas para a súa sobrevivencia. É o caso da águia calzada (*Hieraetus pennatus*).

AVES DE ÁREAS ABERTAS

É un grupo moi heteroxéneo de aves que precisan de prados, pasteiros e mato. É doado comprender que a absurda veneración polos espacios forestados pon en situación de desaparición a moitas especies que dependen na maior parte dos casos do mantemento de ecosistemas antrópicos: pastos e o mosaico entré estes e o monte baixo. Pastos e monte baixo son 'reforestados' (sic) con especies exóticas produto da singular política de eliminar o tecido productivo e social no medio rural e acabar con eses aparentemente 'improductivos' espacios que son as xesteiras, urceiras e toxais; noutros casos, o simple abandono de pastos de montaña por parte da gandería extensiva conleva precisamente a invasión dos pastos polo mato, que remata coa necesaria heteroxeneidade espacial.

Víctimas da situación descrita son a gataformela (*Circus cyaneus*), o pernileiro (*Burhinus oediconemus*), o siseiro (*Tetrax tetrax*)—restrinxido a A Terra Cha e A Limia—, a charrela (*Perdix perdix*)—nas áreas de montaña—, a avefría (*Vanellus vanellus*)—de novo nos pasteiros máis húmidos de A Limia e A Terra Cha—, ou a chasca norteña (*Saxicola rubetra*), relativamente ben distribuída hai non moitos anos por pastos húmidos e hoxe case imposible de atopar.

O pedreiro cincento (*Oenanthe oenanthe*), que habitaba en barbeitos na área máis oriental do país, está practicamente desaparecido. A fulepa manchada (*Locustella naevia*), de distribución moi restrinxida, debe a súa supervivencia á existencia dalgúnha pequena área de mato. A situación da tartaraña (*Circus pygargus*) é particular: inda relativamente abundosa e ben

distribuída, polo menos con respecto ó grupo das aves de rapina, de se continuar coa actual política agrícola e gandeira, podería diminuír rapidamente nos próximos anos.

Unha especie moi característica destes medios, antano abundosa, a perdiz (*Alectoris rufa*), non está ameazada máis é pouco común, o que enerva ó colectivo cazador con toda a razón, inda que non acerten a concebir e atallar as causas de tal rarificación.


A SUPERFICIE ARBORADA MEDROU, PERO NON É O MESMO UN CULTIVO FORESTAL OU UNHA COLECCIÓN DE ÁRBORES QUE UN BOSQUE

A situación das aves de medios abertos é paralela á situación do conxunto dos labregos en Galiza: rarificación e extinción.


AVES DE ZONAS HÚMIDAS

As zonas húmidas son algúns dos ecosistemas máis productivos e pródigos de todo o planeta e Galiza ten unha gran abundancia de zonas húmidas costeiras, inda que non de moito tamaño en xeral. Non son especialmente favorábeis para a nidificación, porque se ben as súas augas someiras son de altísima calidade, os seus arredores non ofrecen zonas con especial cobertura ou refuxio fronte ó home ou ós depredadores como para que moitas especies instalen os seus niños, e mesmo, en moitos casos, atópanse afogados por un urbanismo devastador.

As augas interiores son outro cantar, porque se ben inda hai algunha lagoa e braña de interese, a maior parte das poucas existentes foron destruídas, caso paradigmático o da lagoa de Antela, unha das mellores de toda a Península Ibérica. Noutros casos, están sometidas a gran presión e son vítimas de políticas estultas como é o caso da lagoa de Cospeito, en Lugo. Tras labores de restauración, vese invadida por infraestructuras de comunicación e de suposta observación. Tamén, tal e como se amosa noutros humidais do planeta, precísanse medidas de xestión como o mantemento das actividades gandeiras, que reciclan a materia orgánica e diversifican estruturalmente o lugar.



O siseiro (*Tetrax tetrax*) só cría na Terra Chá e na Limia.



O pedreiro cincento (*Oenanthe oenanthe*), que habitaba en barbeitos na área máis oriental do país, está practicamente extinguido

A riqueza destes lugares e o restrinxido deles fai que sexan moitas as especies que poden desaparecer en pouco tempo. De non tomar medidas, é o que pode acontecer con especies como a garza pequena (*Isobrychus minutus*), a tartaraña das xunqueiras (*Circus aeruginosus*), a poliña pequena (*Porzana pusilla*), a becacina (*Gallinago gallinago*), o bilurico bailón (*Actitis hypoleucos*), a folosa grande (*Acrocephalus arundinaceus*) ou a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*), entre outras.

AVES MARIÑAS E DE MEDIOS LITORAIS

Galiza conta con importantes colonias de aves mariñas que, se ben manteñen poboacións espectaculares dalgunha especie como a gaivota patiamarela (*Larus cachinnans*), outras están na corda frouxa, como o arao dos cons (*Uria aalge*) ou, posiblemente, o paño pequeno (*Hydrobates pelagicus*); especies como o corvo mariño cristado (*Pha-*

lacrocorax aristotelis) ou a gaivota tridáctila (*Rissa tridactyla*), se ben manteñen poboacións máis abundosas ou estables, pódense ver rapidamente prexudicadas pola grande cantidade de factores negativos que pode dar ó traste coas súas poboacións.

Limícolas como a gabita (*Haemantopus ostralegus*) e a píllara papuda (*Charadrius alexandrinus*) teñen unha situación complicada. O primeiro está asentado en farallóns e illotes moi restrinxidos, mentres que o segundo reproducese nun hábitat moi exposto: praias e dunas cunha gran presión humana. Un dos perigos que axexa a estas aves son as grandes mareas negras, mais non hai que maxinar grandes desastres, posto que constantemente barcos que pasan fronte ás nosas costas verquen petróleo cando lavan os seus tanques: ó cabo, molla tanto un orballo tenue e constante como unha gran treboada repentina. A sobreexplotación dos recursos pesqueiros, o perigo que supoñen determinadas artes de pesca, e mesmo sutís cambios climáticos que afectan a temperatura das augas e polo tanto a distribución dos recursos, son outros factores negativos que non hai que esquecer.

AVES DE ZONAS ROCHOSAS

Son moitas as aves que empregan estes lugares para nidificar, e Galiza non é particularmente rica ó respecto. Se ademais temos en conta que son aves xeralmente esixentes con outros factores,


practicamente todas as aves que empregan estes lugares están ameazadas. A águia real (*Aquila chrysaetos*), alén de grandes cortados, precisa de amplas áreas salvaxes. Por eso, a súa poboación galega está confinada a espazos recónditos, sendo a súa supervivencia precaria con notas particularmente significativas: por exemplo, na veciña comarca de O Bierzo a poboación mantense nuns bos niveis e inda así, ningunha parella parece colonizar áreas veciñas como os Ancares lucenses, que antano contaba con esta especie. Un caso particular é o da choia (*Pyrhocorax pyrrhocorax*), un córvido relativamente común ata hai pouco e que actualmente vive un gran declive por mor da deterioración e diminución dos pastos e gado na montaña e en determinadas áreas costeiras. Outras especies ameazadas destes medios poden ser a pomba das rochas (*Columbia livia*) ou o merlo azul (*Monticola solitarius*).

OUTRAS ESPECIES


O preocupante é a espectacular diminución de moitas aves que ata o de agora eran comúns, precisamente por se atoparen en ecosistemas agro-silvo-pastorais. É o caso do lagarteiro (*Falco tinnunculus*), que ata non hai moito era, xunto co miñado (*Buteo buteo*) a ave de rapina máis abundosa e actualmente falla en moitas zonas como consecuencia do incremento da cobertura vexetal (ben por abandono de cultivos, ben por forestación). Ou qué dicir do pardal montés (*Passer montanus*), presente no entorno



As especies de áreas abertas están ameazadas pola reforestación con especies exóticas



En Galiza hai moitas plantacións forestais pero poucos bosques de alto valor ecolóxico



O arao (*Uria aalge*) está a piques de se extinguir no noso país como especie nidificante

de vilas e aldeas e hoxe francamente difícil de achar: a extinción de prácticas agrícolas e a tala de árbores vellas, frutais xeralmente, en cuxos ocos facían os niños, poden ser as causas da súa desaparición. Especies propias de prados, como a escribenta amarela (*Emberiza citrinella*) ou o coñecido paspallás (*Coturnix coturnix*), son cada día máis estranos.

A MODO DE RESUMO: AS AVES COMO REFERENCIA

Galiza non é unha terra especialmente rica en aves, e inda así temos un listado enorme de aves ameazadas. En xeral,

as especies de aves con fortes requirimentos ecolóxicos están nunha situación moi desfavorábel en Galiza. As únicas non ameazadas serían aquelas que non teñen esixencias específicas estrictas, xeralistas capaces de sobreviviren inda que estragemos o contorno.

As aves son excelentes indicadores ambientais: fóra da propaganda oficial, calquera observador de aves sabe que a natureza está fondamente estragada por políticas agrícolas, gandeiras e forestais estúpidas, por infraestructuras, por contaminación... Quizais inda pasen anos

para que, ó igual que xa acontece no Reino Unido, a riqueza de aves sexa considerado un factor máis de calidade de vida, como poden ser o PIB ou os índices de lectura. Quizais entón se modifiquen e reconsideren algúns hábitos, como encher de parques eólicos os montes, de minicentraís os ríos, de eucaliptos os prados, de terra e paseos marítimos as rías, de valeirar o medio rural de persoas...

A conservación das aves e, en xeral, da biodiversidade, non depende de políticas sectoriais senón de políticas transversais que teñan en conta múltiples aspectos. Gracias ás vantaxes que as aves nos ofrecen como indicadores ambientais sería positivo que fosen contempladas en calquera liña política sectorial como garantía de sostibilidade.

Referencias:

- (1) Fernández-Cordeiro, A. e J. Domínguez (compiladores) (1991). *Catálogo provisional de aves nidificantes ameazadas en Galicia*. Actas do Primeiro Congreso Galego de Ornitoloxía, 269-271. Universidade de Santiago de Compostela.
- (2) Arcos, F. e Alberto Gil (coordinadores). 2001. *Catálogo de aves ameazadas nidificantes en Galicia*. A Carriza, nº1, 23-25.

LISTA DE AVES NIDIFICANTES AMEAZADAS DE GALIZA

(Elaboración propia sobre a proposta de Arcos e Gil (2))

<i>Hydrobates pelagicus</i>	Paíño Pequeno	<i>Vanellus vanellus</i>	Avefría	<i>Monticola solitarius</i>	Merlo Azul
<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	Corvo Mariño	<i>Gallinago gallinago</i>	Becacina	<i>Locustella naevia</i>	Folosa Manchada
	Cristado	<i>Scolopax rusticola</i>	Arcea	<i>Locustella luscinioides</i>	Folosa Unicolor
<i>Ixobrychus minutus</i>	Garza Pequena	<i>Numenius arquata</i>	Mazaricó Real	<i>Acrocephalus arundinaceus</i>	Folosa Grande
<i>Pernis apivorus</i>	Miñado Abelleiro	<i>Rissa tridactyla</i>	Gaivota Tridáctila	<i>Sylvia borin</i>	Papuxa Picafollas
<i>Neophron percnopterus</i>	Voitre Branco	<i>Uria aalge</i>	Arao	<i>Phylloscopus bonelli</i>	Picafollas de Bonelli
<i>Circus aeruginosus</i>	Tartaraña das Xunqueiras	<i>Columba livia</i>	Pomba das Rochas	<i>Phylloscopus trochilus</i>	Picafollas Musical
	Gataformela	<i>Columba oenas</i>	Pombo Pequeno	<i>Muscicapa striata</i>	Papamoscas Cincento
<i>Circus cyaneus</i>	Tartaraña Cincenta	<i>Clamator glandarius</i>	Cuco Real	<i>Lanius collurio</i>	Picanzo Vermello
<i>Circus pygargus</i>	Aguia Real	<i>Bubo bubo</i>	Bufo Real	<i>Lanius senator</i>	Picanzo Cabecirrubio
<i>Aquila chrysaetos</i>	Aguia Calzada	<i>Upupa epops</i>	Bubela	<i>Pyrhcorax pyrrhcorax</i>	Choiá
<i>Hieraetus pennatus</i>	Lagarteiro	<i>Jynx torquilla</i>	Peto Formigueiro	<i>Passer montanus</i>	Pardal Montés
<i>Falco tinnunculus</i>	Pita do Monte	<i>Lullula arborea</i>	Cotovía Pequena	<i>Loxia curvirostra</i>	Cruzabico
<i>Tetrao urogallus</i>	Charrela	<i>Motacilla flava</i>	Lavandeira Marela	<i>Coccothraustes coccothraustes</i>	Bicogroso
<i>Perdix perdix</i>	Paspallás	<i>Prunella collaris</i>	Azulenta Alpina	<i>Emberiza citrinella</i>	Escribenta Amarela
<i>Coturnix coturnix</i>	Poliña Pequena	<i>Luscinia svecica</i>	Papoazul	<i>Emberiza hortulana</i>	Escribenta Hortelá
<i>Porzana pusilla</i>	Sisón	<i>Phoenicurus phoenicurus</i>	Rabirrubio de Testa Branca	<i>Emberiza schoeniclus</i>	Escribenta das Canaveiras
<i>Tetrax tetrax</i>	Gabita	<i>Saxicola rubetra</i>	Chasco Norteño	<i>Miliaria calandra</i>	Trigueirón
<i>Haematopus ostralegus</i>	Pernalonga	<i>Oenanthe oenanthe</i>	Pedreiro Cincento		
<i>Himantopus himantopus</i>	Pernileiro	<i>Oenanthe hispanica</i>	Pedreiro Rubio		
<i>Burhinus oedienemus</i>	Píllara Pequena	<i>Monticola saxatilis</i>	Merlo Rubio		
<i>Charadrius dubius</i>	Píllara das Dunas				
<i>Charadrius alexandrinus</i>					